


Deusa campesiña:

*Deitada sobre a neve a nena son eu. Rompendo o xeo da laga para lavar a roupa esa muller son eu. A do trigo negro. A da ledicia, a que fai novelos de la e amor tras da mesma silveira. A que toca un xunco coma unha frauta doce. A que se concentra nos brotes de pereira e pasa pola vida coma un suspiro anónimo. Son eu.*



## **NACER DE NOVO**

Estraña son  
sen dúbida.

Pero enténdeseme moito mellor  
cando deixo falar a planta alucinóxena  
cando cos teus dedos podes aínda tocar  
o cobre almacenado no meu fígado  
cando volvo nacer  
e sobre todo  
cando quedo calada  
e me poño a ler catro peras  
ó bordo dun camino.

Deusa campesiña:

*Importa a intelixencia fértil. Importa a delicadeza doce. Importa a liberdade radical. O soño e a súa realidade. Importa a feliz idade.*

## LOBO

De nena  
cando me preguntaban a que lle tiña medo  
eu sempre respondía:  
a parir e ó lobo.

O lobo vino unha vez  
á noite  
volviamos prá casa atravesando o monte  
e meu pai sinalouno co dedo ía só como perdido  
olvidado o instinto nalgures  
retrocedida a fame a outra época

nin sequera nos mirou  
absorto no seu sangue na súa cavilación  
quizais  
a noite evidenciáballe no pinar  
a gangrena da súa especie.

Lembro ben as súas patas tronzando a xeada  
o silencio tenso co que a evolución asistiu a tal escena  
a tosca indiferenza da curuxa do granito ou da masa de pan  
que seguiu levedando as súas moléculas de fariña  
afeita ata tal punto á extinción que non repararon un intre...

Desde aquela o meu medo é un gurú que ouvea na noite  
a ti e a ti e a ti  
anque me oídes agora anque me vedes falar  
poñendo a lingua no punto exacto que manda a madre fonética  
non son eu  
esta voz  
que groñe  
aseguro que non son  
eu  
este ruído cóncavo que fan as vogais co sangue  
esta trementina negra en que se me tornou o cuspe ó tragar  
maldita sexa eu mesma  
e a raza que me ensinou a noite coma se fora unha abreviatura de deus.

Agora xa sei  
seguro  
que as tripas do último lobo me rondan a linguaxe  
e se un día o monte me atravesa para volver á súa casa  
indicarei co dedo aquí dentro  
onde a voz se me toma coma un reo

¿Que direi agora  
se me preguntan  
a que lle teño medo?

PADRE

## **Maos**

O frío traballou nas túas maos coma un obreiro inverno tras inverno. Carretou toneladas de graos baixo cero á túa sombra. Labrou a artrose dos teus dedos coma un artesán maldito. Metéuseche tan dentro que apenas distinguimos a xeadada de ti. Bufa entre as rosas que plantaron os teus dedos no subsolo do mundo. As túas maos de estopa que arrancan malas herbas as túas maos potentes que acariñan minerais antigos coma se fosen o can da casa, que extraen seixos de debaixo do sono, as túas maos que tronzan castiñeiros á alba e traen ó mundo becerros desde o ano mil. Non se sabe se foron antes as túas maos ou as cicatrices. Non se sabe se empezaches a medrar polas maos e logo continuaron os órganos a completarche a vida. O teu corazón sacha coas maos agarradas á terra. O teu cerebro ama os cereais coas túas maos de neno pobre. As túas maos cheas de callos enxertan mazairas coa miña pel papá. Bríllanme na noite coma o cobre. Saben ir ó monte conducindo o día cunha aguillada. As túas maos infantís que case choraban ó tocar un narabando de touciño rancio. Aquelas maos que descoñecen a ortografía pasan humildes pola la dunha ovella sen rabuñar o día. Os meus ollos analfabetos observan atónitos as liñas das túas maos coma carreiros sagrados. As túas maos afumadas son de madeira e papas. Pónseme o espírito coma un bulló pequeno cando estendes as túas maos coma un mapa antiquísimo que desordena a xeografía humana. As túas maos que existen coma o logaritmo descifrado polo teu fillo. As túas mans que non figuran na Historia de Herodoto. As túas mans instrumentais coma un angazo de vento. As túas maos bárbaras coma un pobo limítrofe. As túas maos que non rezan pero cren nas estrelas e no poder dunha nube cargada de auga. Estanme florecendo as túas maos. Están nos meus estames. O sol é un heliotropo que obedece felizmente as túas mans. A terra sabe metérseche entre as uñas para pasar a noite ao quente. Está a miña mente en pleno desxeo. A terra das túas uñas é a única herdanza que desexo. As túas maos papá as túas maos anciás de ouro e de fariña. As túas maos nas miñas.

## **Segredo**

Son difícil e pódese me ferir con facilidade. Este é o meu segredo peor gardado.

## **Corvo a terra**

Cando non te teño ó lado tremo coma unha espiga. Pero fágome forte e a miña fertilidade cántalle ós teus tubérculos. Na noite troncal faste de noite, pai. Estás cada vez máis preto de ti: a gravidade pousase coma un paxaro no teu lombo. Descendo da túa xenética que ordena: Corvo a terra.

## **Barro**

Manteño os pés nun barro arcaico. Eu mesma sígome o rastro... O volcán vulnerable o Fragmento lítico Estoume concatenando cunha flor Estou entrando no pensamento máxico Estou índome de min. Cantan os meus osos a canción do antiedipo Está o barro minándome Estou chorando plutonio Pídollle ó demonio que me leve á feliz idade. Padre. Durmo no meu cuarto Crecente Atraveso entre troncos este tranco No quietismo total sóbranse os ollos para verte Está o canto do colesterol tupíndome as arterias Estou lavando soa os meus glóbulos brancos aí E aquel teu pobo sen terra é agora a miña terra sen pobo pai.

## O AÑIÑO MORTO

Aprendín  
desde pequena  
a despegar o cariño da la  
chegado o momento  
aprendín  
que podía xogar e velo saltar e pacicar  
e darlle mesmo un biberón feito  
cunha vella botella de cervexa

pero chegado o momento  
sabía  
que debía  
non saber  
non preguntar por que non arraía xa  
aquele círculo no prado  
e soamente había alí a sombra do aire na herba...

Mamei a lección  
da lei depredadora.

agora o teu sangue canta nos meus ósos.

Aprendín  
a non esperar nin pedir máis  
có día que se daba  
e aceptar despois  
un sentimento carnívoro

aprendín a comerte

e agora o teu sangue canta nos meus osos.

Aprendín a non chorar sequera  
a desaparecer discretamente entre as bonecas  
no intre en que sabía  
que tiña que facelo.

Aprendín a ver o sangue no delantal da nai  
a ver lavar o coitelo na billa da cociña  
o olor da morte nas mans  
do meu proxenitor  
aprendín a deixar que esas mans me acariñasen

a saber que tamén tremen cando te enganan  
e te chaman con voz doce  
cara o patio

onde aínda romba

o tractor da nada.  
Aprendín a saber que tamén aprenderon  
a non preguntar  
a non oír os esberrecos da ovella soa coma unha mater triste  
no fondo do cortello.

a comprender que o can lambese  
o pouco que quedaba de ti no chan  
as vísceras  
que aínda conservan a memoria das cóxegas  
que che facían os meus dedos no teu pequeno ventre añiño.

Pero agora o teu sangue canta nos meus osos  
a noite espúrgame  
óvidos que nunca vin  
parécense ós meus glóbulos  
vermellos  
do teu sangue

Pois a min  
aprendéronme a ser  
aprendendo a comerte.

Deusa campesina:

*Dádeme nada. Herdanza de Ceres e Deméter, corna da Abondancia.  
Porque eu quero todo: dádeme nada.*



## ANTONIO DE CHIQUÉ

Porque viñeches á vida a vida foi mellor  
e o caldo de verzas foi un sutil alimento só apto para arcanxos.

Porque sementaches millo naceron astros baixo terra  
e o pan soubo a luz

e despois xa ningún de nós pasou fame son atea pero espérame  
aló  
onde te vaias espérame

agora o corzo que atravesaba o agro patinando sobre xeadas  
cruza polo teu corazón sen enfriar a alma  
corre lixeiro nisto que non entendo e nego.

debería deixarte ir pero non quero e fío palabra por palabra  
o abrazo cereixal que ate á conciencia de florecer  
e non permito que a túa respiración non siga insuflando  
anhídrido de carbono ás bolboretas  
e non vexas  
como toco cada vez mellor o violino  
como un día os meus nenos correrán polas túas terras  
ben aradas  
sen unha silva xiquera  
os teu campazos cheos de estrelas e palitroques

debería deixarte ir pero faslle falta ao meu futuro  
e ó papasol que se pousa na rama das patacas faslle falta  
e son o xabaril que lambe o fío eléctrico do pastor e se decata  
que a súa lingua é un ser sensible  
tú chorabas abrazándome cada vez que me ía ou que volvía  
as túas mans sobre o ul da cociña aínda trazan mapas  
por iso non me perdo e medro por dentro  
todo o que xa non podo medrar por fóra

vou arrancar abono ó medio deste poema cun picaño celeste  
vou ó intestino acariñar as ameixas que me deches  
que apañaches con tal delicadeza  
que lles deu tempo a maduraren nas túas mans  
antes de vir o día.

Ía contigo o páxaro da precisión a elegancia eterna  
de quen está tan preto da terra que case pode tocar o ceo  
removes o humus do Hortal e sobes a existencia nun burriño  
precioso  
e véxote neno mamando da mai Aurora

agora sei que a vida foi mellor porque estiveches nela.  
Vou ao carrelo do ar montada nunha montaña  
acariño as túas maos mortas  
como o último esplendor da beleza  
e vou contigo se queres pechar as porteleiras do sangue  
bater o corazón coma o leite nunha ola ata que coalle  
e converta a brancura nun alimento sólido  
antonio  
de Chiqué  
quererte foi máis fácil  
que aprender a sumar con palotes sagrados

estamos amarrados á harmonía  
pero non comprendemos  
que desaparecer soamente é unha forma entre tantas  
de inxectarse no tecido celular daqueles que queremos

e volver brillar en clave de sol sobre o parral  
e por fin ter a memoria toda enteira  
coma unha leira sen principio nin fin.

Si  
quererte foi moi fácil  
véxote subir o camiño de entreasairas áxil coma a avea  
que se comba por instinto ante a brisa  
a túa camisa está a clareo no tendal das miñas costelas  
o teu pantalenciño curto de neno pobre  
déixame os xeonllos ó ar e a bondade déixala no Teso  
na Cortiña na Cha déixala xa  
toda  
e voa  
coa catilaxe sublime das ás da pomba.

Quererte é tan fácil que case asombra  
estás sentado no corredor da casa coma a brasa  
ardendo onde lle corresponde o seu acto de lume

faste fume e non me dis adeus  
antonio de Chiqué  
pecho estes ollos con chave e meto os meus dedos no tórax  
ata que me digas se obrigas á miña man a escribir  
que fuches feliz  
e non choras.

Deusa campesiña:

*Pasar desapercibida entre o pasto. Ollar de preto a mecánica da lingua dunha avella cando pace. Empurrar unha semente no senso da floración. escoitar a música sinfónica do pole cando viaxa. Dormir no final da fariña. Dicirvos que podedes ser libres.*

## MONOCROMO VERDE

En ausencia de respiración absorbíamos aire con fariña  
neve pura  
as papas dos pobres de nós  
(cando había azucre non había café):  
restos das cartillas de racionamento metidos entre as moas  
do xuízo  
final

o liño da fame  
tan branco  
rodeaba coma un anel de Saturno as paredes do estómago  
a cinta dos sombreiros de palla

e afeitos a morrer día tras día  
contemplabamos barro tirabeques estrondos demoledores  
dentro  
ollos coma maletas nas que o mundo se daba por vencido

unha intuición de bágoas escondidas nas enrugas bimilenarias  
das anciás  
aturdidas e negras  
coma os seus vestidos de loito da idade do ferro.

En ausencia de amor  
un refaixo comido da polilla e do sol posto a secar na lareira  
contiña os últimos escritos de Simone de Beauvoir  
e o aborto que matou no profundo da palleira  
á Benigna de Remigio.

Os seus beizos amoratados que nunca vin  
flótanme no pensamento  
afúngaseme o corazón  
querida toda  
nunca correspondida  
pasto da eternidade que non hai  
en ausencia de amor.

En ausencia de Historia  
escribíamos en cadernos de pizarra que se borraban con  
cuspe  
e voan formando círculos no observatorio de Greenwich  
pois en ningún mapa aparece este nome velenoso  
Vilarmao Vilarmao arrentes de ningún santo patrón  
na puta diócese da nada  
solo hai un patio redondo  
a eclipse espiritual por onde saen os porcos do cortello  
e un tractor  
Lu-Ve 34576 para delimitar o espazo.

En ausencia de Saber  
a casa da mestra xace coma un cadáver exposto á chuvia  
coas vigas tentando aínda soste a táboa do tres  
un problema de aritmética que nunca resolvemos  
pero hai días en que unha liña recta trazada nun encerado  
antigo  
resplandece na súa estrutura ósea  
e todo o noso pequeno mundo groñe pobriño il  
coma se rezara un rosario digno da existencia de Deus.

En ausencia de palabra  
abondounos o berro denunciador que é a noite do moucho  
en ausencia de pan  
en ausencia de leite  
en ausencia de trigo  
contra o día cabrón que se erguía máis cedo ca ninguén.

En ausencia de futuro  
rechinaron as rodas dos carros ou serían acaso metáforas  
deterioradas  
aves de mal agoiro que ostentan o poder.  
O resto dos animais  
golsan sobor dos prados  
os cañotos de millo cos que se criaron  
en sinal de dó  
si porque en ausencia de futuro  
só hai ausencia  
e tal vez isto que digo:

en ausencia de ti  
de tanto morder as herbas para conter o espasmo  
digo o teu nome ata que a lingua se me seque  
e fico toda igual a ti antes e despois do tempo  
facendo a fotosíntese do amor  
na vangarda da nada

onde só se pode vivir pintada coma un monocromo verde.

Deusa campesiña:

*Amástevos na fonte e no souto. Tras do portelo e na cortiña. Sobre as ruínas da casa do pai. Na adega. Ocultos na raposeira. Á luz do día baixo o parral. Nos cuartos do fondo. Ó fondo do corredor. No cortello. Tralo palleiro. No alprende. Contra a parede. Fronte a fronte. Deitados na herba. Ti por riba ela por baixo. Ti por baixo ela por riba. Amástevos para celebrar a vida.*

PIS

Mexábame na cama cada noite.

Espertaba xa  
cando os ouriños penetraran naquel colchón de la  
de ovellas centenarias.

E unha vergonza muda  
acababa converténdome  
nun pexego negro  
tremendo en medio da noite escura.

Mexábame na cama cada noite.

á contra das leis da física  
á falta de luz  
abríaseme coma unha flor o esfínter.

E aquela braga branca humilde  
pegábaseme á pel como unha sombra.

Facíame clandestina a min mesma  
corría a esconderme á burata da leña  
a boca do forno ó fondo do pozo  
con tal  
de non verme.

Aínda tiritan ó amencer  
aquelas sabas de círculos marelos  
onde medraban as rosas do zurcido.

Aínda me poden ulir  
bendita  
por aquel pis inocente  
o precioso insecto da humillación  
durmido na miña mente.

Mexábame na cama cada noite  
subíame o pis ó corazón  
marcando coma un can o territorio  
aínda non sabía como ía saber  
que en realidade a vexiga  
era un órgano do soño.

Medrei sen que o meu cerebro  
aprendera nunca a mandar  
ordes de contención  
ás miñas terminacións nerviosas.  
E fágome pis ante a paixón  
ante a beleza  
ante a dozura  
fágome pis  
agora que son xa

unha muller madura.

Deusa campesiña:

*Sobre as ruínas da casa do pai. Da mai do teu pai. Da mai da mai do teu pai. Amarás con obstinación sobre as ruínas as ruínas.*